



ORGANIZA
AGRUPACIÓN
FOTGRÁFICA
GALEGA



XXVII

PREMIOS:
1.000€ - 500€
300€ e 3 ACCÉSITS

do **30-SEPT.**
ao **01-OCT.**

Deseñado por
MAG
Aguar



COLABORADOR PRINCIPAL



COLABORAN



BASES MARATÓN FOTOGRÁFICO 2023

Que é o Maratón Fotográfico?

É un concurso no que durante 24 horas tes que facer fotos sobre uns temas concretos na cidade de Vigo.

Cando?

Do 30 setembro ao 1 outubro 2023.

Canto dura?

24 horas.

As fotos, sobre que?

Sobre catro temas, segredos ata o día do Maratón.

Onde me inscribo?

Na nosa web, accede co QR, ou o mesmo día do Maratón na saída.

Canto costa participar?

12€ a cota normal, se es novo (nado despois do 2003) cota reducida: 8€.

Como fago o pagamento?

En efectivo, por transferencia ou con tarxeta, na web tes a info.

Quen pode participar?

Todos e todas os que queiran e teñan mais de 14 anos.

Cales son os premios?

1º..... 1.000€
2º..... 500€
3º..... 300€

3 accésits con distintos agasallos dos patrocinadores

Os horarios son:

Control de saída: 30 set. 11:00-12:00h na Praza do Colexio de Arquitectos, Doutor Cadaval nº 5.

Saída oficial: 30 set. 12:00h.

Control de chegada: 01 out. 11:00-12:00h na sede da AFG.

Como entrego as fotos no control?

Leva as catro fotos nunha memoria USB ou tarxeta de memoria.

Podo enviar as fotos sen ter que ir o control de chegada?

Si, envía as catro fotos por email, ou usando algunha plataforma de envío de arquivos antes da hora límite.

Gústame a fotografía analóxica, podo participar?

Claro, terás que traer ti o carrete de formato 35mm e en cor, ao terminar o maratón entrégasnolo, nos facemos o revelado.

Haberá unha exposición das fotos? Cando sei se gañei algún premio?

Antes de finais de ano farase unha exposición coas mellores series do Maratón e tamén co resto de fotos presentadas, o día da inauguración faise público o nome dos gañadores e gañadoras.

Tes algunha dúbida?, consulta as bases completas no seguinte QR ou contacta connosco por RRSS ou email.

